



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 3/2021

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E CINCO DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E UN.

En Ordes, a vinte e cinco de marzo de dous mil vinte e un.

No auditorio da Casa da Cultura, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- D^a. MARÍA JESÚS REGUEIRO GARCÍA.
- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.
- D. AITOR RIBADAS GÓMEZ.
- D. FERNANDO VIQUEIRA NOUCHE.
- D^a. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVERDE.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR 25/02/2021.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de 25 de febreiro de 2021, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria, de data 25 de febreiro de 2021, resultou aprobada por maioría de dezaseis votos a favor, coa abstención do Sr. Veiras Carneiro, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde infórmase das actuacións seguintes:

- Liquidación dos orzamentos municipais de 2020. Aprobada mediante decreto de 26/02/2021. As magnitudes máis salientables: Resultado orzamentario positivo por importe de 1.081.000,00 euros, Remanente de Tesourería para gastos xerais é positivo por importe de 3.597.000,00 euros, Aforro legal neto é positivo por importe de 2.132.000,00 euros o que supón o 23,66 % sobre operacións correntes liquidadas, Estabilidade orzamentaria, dende o 20/10/2020 quedaron suspendidas as regras fiscais para 2020-2021 por acordo do Consello de Ministros de data 20/10/2020. Ao suspenderse as regras fiscais non resultan de aplicación as medidas correctivas e coercitivas que establece a Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira en 2020-2021, salvo as medidas de corrección automática previstas no art. 20 da dita lei. Os Plans Económicos Financeiros aprobados con anterioridade á suspensión das regras fiscais por incumprimentos das mesmas en 2018-2019 non serán obxecto de seguimento nin os incumprimentos destes plans darán lugar a medidas coercitivas do art. 25 ou de cumprimento forzoso do art. 26 da referida lei. Non se require acordo plenario sobre a suspensión do PEF. Do mesmo xeito considéranse superados os plans aprobados e perda de vixencia dos acordos de non dispoñibilidade a que houbera lugar por incumprimentos na liquidación de 2019. O resultado da avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria na liquidación dos orzamentos municipais correspondentes ao exercicio de 2020 cumprirá o obxectivo de estabilidade orzamentaria ao presentar un superávit de 1.314.000,00 euros, o 12,43 % dos ingresos non financeiros, cumprindo así mesmo o PEF. Cumprimento da regra de gasto, a diferenza entre o límite da regra de gasto e o gasto computable de 2020 é de -803.000,00, cumpríndose o obxectivo da regra de gasto do PEF. Cumprimento do límite de débeda, o volume de débeda viva segundo o protocolo de déficit excesivo é de 693.000,00 euros, supoñendo o 7,69 % dos recursos correntes liquidados. Cumprimento do período medio de pagamento, o período medio de pagamento da débeda comercial situouse no ano 2020 a 31 de decembro en 1,47 días.

Os Srs. Concelleiros danse por decatados.

3. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 25 de febreiro de 2021, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

4. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“O 7 de abril de 2014, formalizouse a reversión ao Concello de Ordes do Centro Comarcal, un edificio que segue completamente abandonado e pechado, a pesares de que o vindeiro mes cumpriranse 7 anos desde que o Concello de Ordes ten total dispoñibilidade do mesmo.

Desde o BNG sempre defendemos que Ordes debería contar cun viveiro de empresas e propuxemos en varias ocasións a súa implantación nas citadas instalacións do antigo Centro Comarcal, mais a proposta nunca chegou a prosperar.

Non renunciámos a que Ordes algún día conte cun viveiro de empresas, mais o que non ten sentido é que ante a falta de acordo, o edificio siga na situación na que se atopa, totalmente desaproveitado e deteriorándose, polo que compre tomar en serio a procura dunha saída ao mesmo tentando ao mesmo tempo ofertar servizos que demanda a nosa veciñanza.

Dada a situación na que se atopa o edificio, próximo a outras instalacións educativas como é o IES Maruxa Mallo, resultaría lóxico implantar un uso semellante no edificio do centro comarcal, encaixando unha escola infantil Galiña Azul (antiga Galescola) integrada na rede de escolas infantís de Galiza.

Entendemos que Ordes como cabeceira de comarca debe demandar a implantación deste servizo público, co que xa contan concellos veciños coma o de Oroso ou Carral, aproveitando un edificio xa construído, onde cunhas pequenas reformas podería servir para o fin proposto, cubrindo necesidades básicas da nosa veciñanza e favorecendo a conciliación laboral e familiar.

Cabe destacar que segundo o IGE, os datos correspondentes ao 28 de xaneiro de 2021, revelan que en Ordes existen 414 nenos e nenas cunha idade comprendida entre 0-3 anos. Isto revela que Ordes atópase moi lonxe de cumprir o cociente (en castelán “rátio”) do 33% que a UE recomenda aos estados membros ofertar en servizos públicos para a poboación da franxa de idade susceptible de facer uso do mesmo.

A escola infantil municipal “Sorrisos” oferta 74 prazas para nenos e nenas de entre 0-3 anos, distribuídas en 8 prazas para idades entre 0-1 anos, 26 prazas para idades entre 1-2 anos e 40 prazas para idades entre 2-3 anos. É dicir, en Ordes estamos ofertando prazas para atender dun xeito público unicamente ao 17,87 % da poboación susceptible de empregar o servizo, pouco mais da metade do mínimo recomendado pola UE, en concreto 63 prazas menos.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1.- O Pleno do concello de Ordes manifesta que considera necesaria a implantación dunha escola infantil Galiña Azul no concello de Ordes, estimando axeitadas para tal fin as instalacións do antigo “Centro Comarcal”.

2.- O Pleno do concello de Ordes insta ao alcalde a trasladar á Consellería de Política



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

Social da Xunta de Galiza, o interese e a demanda de que Ordes dispoña dunha escola infantil Galiña Azul, iniciando as negociacións oportunas e ofertando a tal efecto as instalacións do antigo "Centro Comarcal".

3.- Dar traslado do presente acordo aos grupos parlamentarios do parlamento galego (BNG, PSOE e PP)".

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta non resultou apreciada por maioría de nove votos en contra (grupo político PP), oito votos a favor (3 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, non procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que explica o voto negativo á urxencia da moción, sinala que o PP levaba no seu programa, que desexa cumprir na máxima amplitude posible a dotación dunha nova escola infantil municipal, máis necesaria se cabe actualmente tras o peche dunha das dúas escolas infantís privadas que existían no casco urbano, pese a ter intentado que seguise operativa non hai visos de iniciativa privada para poder reabrila. O compromiso de financiación, así como as demais negociacións coa Consellería de Política Social están actualmente en estudo, está enriba da mesa a formalización dun convenio de aportación económica con carácter bianual en 2021-2022 para unha nova gardería municipal. Descártase completamente que sexa unha Galiña Azul. Ao non disporse de moitas opcións de solo dotacional, a pesar de que a vez hai outros proxectos de uso en estudo para ese edificio comarcal en coordinación coa administración autonómica. Entre as ubicacións que se barallan e estudan, analizouse reconfigurar e ampliar ata esgotar a súa edificabilidade o terreo que alberga o edificio do antigo Centro Comarcal como unha posible ubicación para a nova gardería municipal. Como resultado unha análise previa os técnicos xa indicaron que por superficie non tería problema, pero polo seu deseño e adaptación á normativa desaproveitaríase moito espazo, pero caberían inicialmente as unidades plantexadas. Unha gardería debe ter unha entrada diferenciada, non pode compartir espazos con outros usos, esixiría unha ampliación, unha reforma considerable. Coas reformas xa executadas na pranta baixa creáronse cinco despachos no ano 2015. O ideal é buscar unha ubicación próxima aos centros educativos, culturais, deportivos e de ocio. Con estas premisas trabállase á hora de definir e decidir a ubicación. Dende o goberno agradecen a moción, comparten o fondo principal de que se precisa e é necesaria unha segunda gardería municipal. Propoñen algo concreto fronte a un abanico de opcións que están abertas en base a un traballo previo xa iniciado pola concellería de educación. Non consideran necesario un debate sobre este asunto, por iso rexeitan a urxencia por que lle van a dar a súa confianza a todo o traballo que levan feito, que debe materializarse coa sinatura dun convenio coa administración autonómica nos próximos meses. Asinado este unha nova escola infantil debería estar dispoñible como moi tarde no inicio do ano 2023.

5. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes.

- Dende o Grupo Municipal Socialista de Ordes sempre defendemos o grande interese cultural e etnográfico que ten o Museo do Traxe Juanjo Liñares para Ordes pola súa singularidade, e poderíase, sen medo a equivocarnos, o mais importante do Estado Español.

Sabemos que moitos visitantes de este Museo teñen problemas para localizalo por non estar sinalizado adecuadamente.

En virtude do exposto, formulo ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se coloquen sinalizacións verticais de información de interese cultural (estas sinais son de cor morado claro) na rúa Alfonso Senra, así como noutras rúas, que dirixan ao visitante cara o referido Museo

Intervén o Sr. Alcalde, que agradece o rogo. Sinala que no é fácil conseguir a sinalización no casco urbano na rúa Alfonso Senra para un negocio ou un edificio municipal, así o poden observar na vila de Ordes ou noutras travesías polas que discorre a N-550. A día de hoxe estase coa adaptación da Lei 7/2021 de Museos de Galicia. Están pendentes dunha reunión co responsable do Museo Juanjo Liñares para por unha nova denominación e facer o axuste preciso por que non vai poder continuar a denominarse museo, barállanse outras opcións como centro de exposicións ou similar. Unha vez a regularización do nome valorarán a súa sinalización que conlevará un traballo importante.

- Ante o mal estado no que se atopa a estrada do Seixo, na parroquia de Ardemil, supón un problema de seguridade, tanto para o tráfico rodado como para a veciñanza (achego fotos).

En virtude do exposto, formulo ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se proceda ao arranxo desa estrada para que se melloren as condicións de mobilidade especialmente aos veciños do Seixo (Ardemil) que a diario sofren estas irregularidades

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o Plan de rebacheo comezará o cinco de abril. Esta obra é unha das que está contemplada no proxecto de obras estrada do Mesón a Barcula e outros do POS+ Complementario 2021 por importe de 321.000,00 euros. Unha vez aprobado o POS+ principal, feitas as aportacións da Deputación ao POS+ Complementario se son suficientes poderase proceder á súa contratación e execución, que agarda poida ser ao longo deste ano 2021.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que formula os rogos seguintes:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

- Ordes non conta con ningún espazo habilitado como área de recreo para cans. Esta formación política xa propuxo a súa creación en distintas ocasións, a última fai máis dun ano, sen que se procedese a súa habilitación ou creación.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se habilite unha área de recreo para cans.

Intervén a Sra. Soneira Liñarez, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que no centro do pobo non se conta cunha zona que se poida habilitar para ese fin. Supón que este rogo ven motivado polas protestas que houbo ultimamente de levar os cans atados polo paseo. Si que se pode utilizar seguindo a normativa vixente a zona verde do parque empresarial. Nos camiños das zonas rústicas os cans poden ir ceibos. No momento que se dispoña dunha zona para habilitar no casco urbano será feita.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que é necesaria, xa a trouxeron fai un ano ante as advertencias a varios veciños por levar os cans soltos. Cando se pon unha norma así ten que haber unha previsión de habilitar un espazo polo benestar animal poidan ter os cans soltos. Espera que se faga, é necesario, moita xente cree que se debe realizar canto antes, a ver si é certo.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, que sinala que reitera que nos camiños, nas sendas os cans poden ir ceibos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que houbo moitas queixas no paseo fluvial que motivaron que a policía local tomase a determinación de prohibir alí a circulación libre dos cans. O concello non dispón de parcelas públicas para tal no caso urbano, a escaso cincocentos metros dende calquera punto do casco urbano hai posibilidade de estar cos cans ceibos. A norma que hai que cumprir é autonómica, non municipal.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que xa dixo na súa intervención que ve lóxico que os cans circulen atados, non sabe si a escoitou. Cree que se lle debe dar unha facilidade á xente do pobo que teña un animal para que poida telo solto. Nas parroquias entende que é posible soltalo nas pistas de concentración parcelaria onde non moleste. Debe facerse esta actuación para a xente que ten animais no pobo e poida disfrutar das súas mascotas.

- A pista que vai dende a nacional N-550 (Bar Brumeiral) ata Ardemil (O antigo bar Porto) presenta un lamentable estado de conservación dende fai moito tempo como se pode ver nas imaxes. Varios veciños e veciñas puxéronse en contacto con esta formación política informándonos do estado da mesma.

Dende Unión por Ordes cremos que esta pista, como tamén manifestan os/as veciños/as, ten moito tránsito e o estado actual de conservación pode ocasionar tanto desperfectos nos vehículos que circulan por ela como accidentes.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se proceda á oportuna reparación desa pista

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta obra está valorada ca clave A19 POS+ 2020 e pendente de incorporar a algún plan, xa conta coas autorizacións e informes sectoriais



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

preceptivos. É posible que sexa unha das que se leve a incorporación de remanentes logo de ter feita a liquidación dos orzamentos 2020.

- A pista que vai dende O Bidueiro a Raxide no seu último tramo presenta numerosas fochancas.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se proceda a reparación da pista.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que abonda no mesmo clave A14, pendente previamente a execución da rede de abastecemento de auga para o núcleo de Darefe. Non se vai a proceder ao afirmado en tanto non se teña acometido a infraestrutura de abastecemento previsto acometer ao longo deste mandato 2019-2023.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- A Torre de Morgade, construída no Medievo e situada na aldea de Morgade (Parroquia de Ardemil), probablemente sexa un dos lugares do concello de Ordes que concentre unha maior diversidade en canto a riqueza patrimonial, natural e inmaterial.

Son moitísimas as lendas que se poden escoitar arredor da Torre de Morgade, da súa construción, dos seus habitantes e da súa relación coa contorna.

Está enclavada nun entorno paisaxístico privilexiado, dende o cal mesmo se podería contemplar o val de Barcia.

Moi preto da Torre de Morgade, baixando cara o rego do mesmo nome, tamén se conservan unhas fragas de gran riqueza natural, e que por desgraza tal e como puxo de manifesto recentemente o BNG, vense afectadas pola existencia de diversos vertedoiros incontrolados.

Mais tamén a propia finca na que se atopa a Torre de Morgade, precisa dunha limpeza que tan sequera permita o seu acceso, e tamén deixe de ser un perigo ante un incendio forestal

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se inicien os trámites precisos para acometer un desbroce no entorno da Torre de Morgade.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a parcela na que se atopa esta Torre é a finca 500 da zona de concentración parcelaria de Ardemil, na actualidade inscrita a favor do Fondo de Terras da Consellería do Medio Rural. Darase traslado desta situación. As propiedades colindantes 497, 501 e 502 son de propietarios particulares aos que tamén se dará coñecemento á Consellería do Medio Rural para que se proceda á limpeza da maleza preservando as especies autóctonas no seu perímetro.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Usuarías/os do centro de saúde puxéronse en contacto co BNG de Ordes para denunciar o estado de abandono material no que se atopa o mesmo.

Como se pode comprobar nas fotografías que se achegan xunto o presente rogo, o papel que reviste as paredes despréndese das mesmas e é sostido con cinta adhesiva en diferentes puntos das instalacións, apréciase o deterioro dos remates de madeira, así como a presenza de humidade na tabiquería que causa un deterioro visible. A maiores disto o espazo verde do edificio ten un aspecto moi descoidado.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que inste á Consellería de Sanidade a proceder ao arranxo e acondicionamento das citadas patoloxías.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que a Xerencia xa é coñecedora, xa lle trasladou dende o propio centro médico. A foto da vexetación pensa que non é actual por que xa está desbrozado. Xa se lle deu traslado á Consellería de Sanidade.

- O local de ensaio atópase nunha zona onde o control do acceso ao mesmo resulta complicado.

Debido ao aparatoso que resulta trasladar os instrumentos ou demais material de amplificación, en ocasións o mesmo pode quedar no propio local gardado, cos riscos que supón un escaso control do acceso ás instalacións.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A dotar á porta que pecha o local de ensaio dun sistema que garanta o control do acceso ás instalacións, propoñendo un sistema con lector de tarxeta (por exemplo con chip sen contacto, tipo RFID).

A dotar ao local de ensaio de equipamento común á maioría dos grupos ou persoas que poden facer uso do mesmo, como por exemplo unha pequena mesa de mesturas, amplificadores, micros, soportes para instrumentos.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que para acceder ao local de ensaio os usuarios teñen que solicitar praza e hora no concello. Nestes momentos hai cinco solicitudes de uso. So hai dous usuarios que van habitualmente. Os usuarios que acceden teñen chave. Non houbo nunca ningún problema. Se hai algún problema non se descarta mudar a chave. Os amplificadores, micros, valorarase se é encaixable nalgunha subvención, sería necesario que os usuarios presentasen unha solicitude de material preciso.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que o tema da chave ven por que é sabido que a chave da porta exterior hai copias por aí adiante, ese é un dos problemas. A chave da porta interior certo é que non se pode duplicar, pero consta que en ocasións queda aberta. O control de accesos ven por aí, máis cando agora a Asociación de Comerciantes ten alí unha oficina e



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

hai máis veces que está aberta.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que están valorando facer un cambio da chave. Inicialmente un sistema así para cinco usuarios non se contempla este sistema.

- As escaleiras que agora comunican a rúa do Muíño coa rúa do parque municipal, teñen bastantes chanzos e unha considerable anchura, que fai recomendable a instalación de varandas intermedias para mellorar a seguridade de utilización das mesmas. Cabe lembrar que a día de hoxe xa están sendo utilizadas pola veciñanza.

No tocante á comunicación accesible coa rúa do Recreo, a mesma enténdese que será efectuada pola zona urbanizada paralela ao rego da Fraga.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A dotar ás citadas escaleiras de varandas que melloren a seguridade de utilización das mesmas o mais axiña posible, debido ao uso das mesmas que está efectuando a veciñanza.

A suprimir o desnivel existente na zona urbanizada paralela ao rego da Fraga, estendendo a rampla accesible a todo o ancho do viario, mellorando a accesibilidade e acadando unha resolución mais razoable.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se trata dunha obra sen rematar. Vanse a colocar, foi unha das opcións que se plantexaron no modificado unha vez que se puido desmontar todo o terreo en base ao levantamento topográfico que había previo. Vanse a colocar unhas varandas máis seguras unha vez que este completamente finalizada a obra antes da súa recepción. De maneira provisoria adaptouse a que había previamente á altura do muro para que se poida facer un uso temporal da mesma, despois colocaranse unhas adecuadas á obra que se está a acometer. En relación coa segunda parte, hai unha actuación pendente no futuro aí de maior relevancia que está condicionada pola clasificación urbanística dese tramo de terreo dende a rúa do Muíño ata a saída á rúa do Recreo. Como está actualmente está garantida a accesibilidade, esa actuación esta suxeita a unha serie de modificacións e informes técnicos, non se vai a facer alí ningún tipo de obra que poida supor un gasto que non teña nada que ver co plantexamento e decisión futura.

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Iglesias Vietes, voceiro do grupo político UxO, que formula as preguntas seguintes:

- Transcorrido un ano dende a aparición do Coronavirus, ao longo deste tempo as distintas administracións víronse na obriga de adoptar todo tipo de medidas preventivas para facer fronte á crise sanitaria (restricións, peches temporais, estado de alarma, limitacións horarias, peches perimetrais, aforo máximo) . Estas medidas tiveron efectos colaterais que se traduciron en perdas económicas para os autónomos/as, comerciantes e hostaleiros do noso municipio.
Este é o motivo polo que preguntamos ao Sr Alcalde:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

¿Que axudas económicas se ofreceron aos autónomos/as, comerciantes e hostaleiros de Ordes dende o Concello para paliar os efectos económicos derivados da crise sanitaria?.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que están adheridos a varios plans de rescate de varias administracións que aínda se están a tramitar, polo que de momento non se pode determinar o montante total. Aprobouse unha exención da taxa de lixo que xestiona Espina y Delfín durante os períodos de peche forzoso, aprobouse tamén a exención da taxa de ocupación do dominio público polas terrazas. Entre eses plans están adheridos ao PEL Reactiva que está sen pechar, xa está planificado o incremento da aportación no ano 2021, vaise aprobar o convenio do segundo plan de rescate á hostalería da Xunta de Galicia, nos orzamentos de 2021 vai o convenio con Aecor. O importe final destas axudas vai a depender da xustificación que realicen os beneficiarios que determinará o importe dos cartos que vai a por o Concello.

Intervén o Sr. Vidal, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes.

- Recentemente no paseo Ramiro Recouso Liste, colocouse unha sinalización coa prohibición de pasear cos cans soltos.

Por iso preguntamos ao señor alcalde o seguinte:

¿Existen espazos onde está permitido o paseo de cans soltos?
No caso de non existiren, ¿Tense pensado habilitar algún espazo? ¿Cales?.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que segundo a normativa actual nos espazos públicos, salvo aqueles estean habilitados para esa función, os animais domésticos deben ir con correa e con colar, ou con calquera outro elemento de retención e sempre baixo a responsabilidade das persoas propietarias. Nos camiños e nas sendas no ámbito rural poderá levarse o animal ceibo sempre que non ocasionen molestias nin riscos a outras persoas, animais ou cousas. Como comentaron antes nas derradeiras semanas chegaron ao concello queixas dos veciños que ao estar no parque infantil ou no paseo polo río encontrábanse cos cans ceibos. No centro do pobo non dispoñen dunha propiedade que se poida habilitar para o disfrute dos animais libremente, si que se pode utilizar a zona verde do parque empresarial para o paseo libre dos cans baixo a vixilancia das persoas propietarias.

- No pleno ordinario do mes de xaneiro, o alcalde manifestou que o límite do concello con Oroso na zona de Folgoso non estaba situado no centro da pista que enlaza a DP-3802 cos núcleos da parroquia de Barbeiros, tal e como se recolle na documentación gráfica do proxecto para o POS+2021 “Camiño Aldeña límite Oroso e outro”.

O trazado do límite do concello de Ordes co concello de Oroso empregado no P.X.O.M. para a zona de Folgoso, correspóndese co que figura no citado proxecto, o cal se non é correcto, afecta á delimitación do núcleo rural de Folgoso, podendo incluso deixar algunha vivenda fora do noso concello e polo tanto do propio núcleo delimitado, co que iso leva aparelado de cara ao cálculo da consolidación e da extensión do trazado proposto para o núcleo.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

Por iso preguntamos ao señor alcalde o seguinte:

¿Qué solución ten pensada para solucionar esta discrepancia no trazado do núcleo de Folgoso?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non hai que pensar en ningunha solución, esta é inminente e xa está contemplada no PXOM, tanto no avance como no documento para a aprobación inicial. Non é que o manifestara, indicoulle o que trasladaron os técnicos redactores dos proxectos que esa parte dese camiño pertence ao termo municipal de Oroso. Se colle o PXOM de Oroso en concordancia co de Ordes verá que a delimitación é exactamente a mesma, se colle o plano da rede viaria IG2 de decembro de 2004 está contemplada como estrada municipal o tramo que vai dende a DP-3802 ata o límite con Ordes na parroquia de Barbeiros. Está perfectamente limitado o final da parroquia de Barbeiros no Concello de Ordes no muro que había divisorio entre parroquias. O mesmo acontece no outro sentido en dirección a Recouso, dirección sur, no cruce de Folgoso pero tirando cara a zona de Beán. O vial a pesar de estar lindante con propiedades de Ordes tamén pertence a Oroso. É certo que existe unha pequena delimitación entre o que é a banda de fluctuación que está definida polo IGN e a que está realmente definida polo PXOM o cal indica que pertence a Oroso. Cando se falou no ano 2018 coa xente de Oroso, Alcalde e departamento de obras, unha vez que se fixo esta nova proposta no POS+ 2021 esas negociacións se retomaron para que esa actuación se poida levar a cabo. Recentemente conversou o concelleiro de obras con concelleiro de obras de Oroso por esta situación e por outra que teñen igual nun tramo que están pendentes que eles poida executar para comunicar o núcleo do Piñeiro, Montaos, cunha parte de Oroso. Está claro que prevalece o establecido polo IGN, pode comprobar que esa banda de fluctuación está perfectamente adaptada dentro dos parámetros da normativa ao efecto. O deslinde de 24/12/1947 que está a disposición de quen queira velo no Concello, permite ter claro que o límite da parroquia de Pereira aí, non a de Barbeiros, que é a que realmente está afectada por ese vento ata chegar ao muro que separa a parroquia de Barbeiros onde termina o vial que está contemplado no POS+ 2021 é precisamente nese muro que había no seu día onde hoxe está a continuación o camiño. Aquí non cabe máis debate, tanto o plano 70.3 da escala 1:25.000 está a disposición de calquera interesado para o seu exame, o plano 1:50.000 do Ministerio esta a disposición de calquera, esa fluctuación esta perfectamente recollida no PXOM. Esta situación tamén se da no Peñasco no límite con Abellá de Frades, se da na parroquia de Montaos co límite con Oroso en Deixebre, se da en Vilagudín con Tordoia en Gorgullos, dábase na zona da Central Térmica de Meirama que conseguiron que unha parte fose recoñecida como termo municipal de Ordes. Está perfectamente recollido e delimitado no PXOM, hai un epígrafe onde están recollidas todas esas discrepancias e incidencias. Un dos informes de obrigado cumprimento preceptivo para a aprobación provisional é o de notificar a todos eses concellos esas actuacións de deslinde. Neste caso non hai ningún tipo de polémica. Se o concello de Oroso non estivese disposto a facer ese tramo de vial, que beneficia moito máis aos veciños de Barbeiros, que non a único veciño de Oroso que está alí colindando con ese vial, tratarán de negociar e compensar noutro lado. As negociacións e relacións son boas e se pode conseguir perfectamente. Non poden incluír nun plan de obras municipal un vial do cal non teñen a dispoñibilidade dos terreos ao non estar contemplados nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, nin no deslinde do IGN do ano 1947. Oroso en ningún momento nega que ese tramo sexa seu.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás **vinte** horas e **dezasete** minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.



CONCELLO DE ORDES
(A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

O ALCALDE-PRESIDENTE

José Luis Martínez Sanjurjo

(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO

Juan Luis González Iglesias